



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Estancias Clínicas IV	Código	750G01028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	nuria.varela.feal@udc.es	
Profesorado	Nieto Caamaño, Úrsula Pesado Cartelle, Jose Angel Varela Feal, Nuria Esther	Correo electrónico	ursula.nieto@udc.es j.pesado@udc.es nuria.varela.feal@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	Estancias IV é un compendio de aprendizaxes prácticas executadas en escenarios de coidados reais na comunidade. Están dirixidas a que o alumno interiorice os coñecementos que acadou ao longo das asignaturas enfermaría comunitaria I e II, exercite e modele as destrezas acadadas con anterioridade e desenvolva novas competencias que permitan a súa óptima integración nun equipo multidisciplinar de saúde con unha prestación de coidados salutoxénicos no marco de unha atención primaria orientada á comunidade.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos: Non se realizará ningunha modificación. 2. Metodoloxías: *Metodoloxías docentes que se manteñen: Todas *Metodoloxías docentes que se modifican: AS PRÁCTICAS CLÍNICAS E A SIMULACIÓN NO PODEN SER MODIFICADAS POR NINGUA OUTRA ACTIVIDADE 3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Para a comunicación e seguimento do alumnado utilizaranse as ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación 4. Modificacións na avaliación: Os estudantes que teñan acadada o 100% da práctica clínica poderan ser avaliados según os criterios establecidos na presente guía. Aqueles estudantes que non acaden o 75% da práctica clínica terán que realizar as súas prácticas unha vez se reanude a actividade asistencial e según o permitan as institucións sanitarias, hasta alcanzar o mínimo do 75 % da rotación. 5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Ningunha.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



<p>Os resultados de aprendizaxe que é razoable esperar despois de cursar estancias IV son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Competencias de traballo en equipo, facilitando que o alumnado sexa capaz de incorporarse a un equipo dende o que prestar coidados autónomos e en colaboración con outros, sen perder a perspectiva multidisciplinar - Competencias de comunicación e relación cos profesionais da saúde e coas persoas a quen dirixe os coidados; facendo da relación unha oportunidade para optimizar os coidados e crear relacións terapéuticas eficientes. - Competencias relativas ao manexo da saúde nas diferentes etapas do ciclo vital e nos problemas de saúde prevalentes, familiarizando ao alumnado cos principais problemas de saúde da poboación e o seu manexo dende a perspectiva dos coidados, pero especialmente facendo de él un axente de saúde da comunidade e un facilitador de coidados salutoxénicos ao longo de todo o ciclo de vida das persoas e familias da comunidade. - Competencias relativas ao manexo eficiente do proceso enfermeiro, permitindo ao alumnado que optimice co rigor e a sistematización que brinda o método de traballo dos enfermeiros, dende modelos de coidados salutoxénicos e á vez promovendo a súa capacidade de adaptarse a calquera equipo que traballe dende outra perspectiva. - Competencias relativas ao desempeño eficaz de técnicas e procedementos habituais que se realizan en atención primaria de saúde, sexa autónomamente ou en colaboración con outros membros do equipo, a fin de garantir un desempeño eficaz, seguro e responsable. - Competencias relativas á ética profesional, garantindo que o alumnado integre unha praxe respetuosa e responsable, coherente cos valores da comunidade e da profesión, que lle permitirán ser capaz de realizar un exercicio eficiente de abogacía pola saúde nos termos descritos pola organización mundial da saúde. 	A62	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B22 B24	C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12
---	-----	---	---

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Prestación de coidados directos a persoas e familias da comunidade, tanto dende o centro de saúde coma nos seus fogares, e baixo a supervisión e titorización dun enfermeiro, enfermeira comunitaria que traballa nun centro de saúde do Servicio Galego de Saúde.</p>	<p>En este rotatorio de práctica clínica o alumnado traballará:</p> <ul style="list-style-type: none"> - habilidades de relación e comunicación coas persoas da comunidade. - actitudes persoais que optimicen a relación terapéutica. - habilidades técnicas e procedimentais que aumenten a pericia na prestación de coidados. - manexo e xestión de recursos da comunidade para facilitar os coidados ás familias en diferentes escenarios sociais e sanitarios. - realización e rexistro do proceso de atención de enfermaría individual e familiar. - implementación de recomendacións derivadas da investigación na atención a crónicos. - utilización das ferramentas de xestión da información propias do sistema nacional de saúde. - características dunha conducta exemplar nun profesional de servizo no marco da ética e do ordeamento vixente.



<p>O alumnado deberá reproducir unha situación habitual que se presenta na práctica clínica cotiá, a través dun escenario controlado útil para a aprendizaxe e adestramento.</p>	<p>A través dos escenarios o alumnado traballará:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Na adquisición sistemática de coñecementos. - Intégrase durante a simulación a experiencia educativa realizada no período de práctica clínica dentro do sistema de saúde. - Debriefing, é a discusión facilitada do escenario, inclúe as reflexións sobre a experiencia vivida no escenario e as súas recomendacións posteriores por parte dos participantes, observadores do escenario e o propio instrutor (mediador). É un tempo para comentar aquilo que saíu ben e non tamén, guiado polo mediador. - A simulación é gravada en audio e vídeo, e é proxectado posteriormente ao alumnado que desenvolveron o caso para discutilo e analízalo en profundidade (debriefing). - Paralelamente perfecciónanse as habilidades de comunicación e de traballo en equipo. - Consólidase e avalía o nivel de aprendizaxe alcanzada no período de práctica clínica.
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	240	15	255
Aprendizaxe servizo	A62 B1 B3 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B22 C3 C4 C7 C10 C11 C12	2	10	12
Simulación	A62 B1 B6 B7 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B20 C1 C4 C10 C11 C12	8	20	28
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas	<p>As prácticas clínicas que se realizan en estancias IV constitúen unha oportunidade idónea de aprendizaxe e integración do traballo e das actitudes propias do/a enfermeiro/a comunitaria, toda vez que se producen no escenario real de coidado en que éste desenvolve a súa praxe e no marco dunha equipa multidisciplinar.</p> <p>En elas o alumnado acompaña a un/unha enfermeiro/a comunitaria do que aprende primeiro por observación, reflexión e modelado da súa conducta e progresivamente pola asunción de responsabilidades na prestación de coidados directos ás persoas que os precisan, baixo a supervisión do/da enfermeiro/a ao que acompaña.</p>
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.



<p>Simulación</p>	<p>A simulación é unha metodoloxía de aprendizaxe que permite ao alumnado realizar de maneira segura e controlada, unha práctica similar á que a executaría fronte ao paciente; facilítalle interactuar nunha contorna semellante á realidade cunha variada gama de elementos que debe aplicar a fin de resolver situacións predeterminadas que derivan dun determinado problema clínico.</p> <p>Consiste na representación dun fenómeno de natureza física, técnica ou psicolóxica, que permite unha análise máis sinxela, económica ou inocua que si se levara a cabo sobre o orixinal ou na realidade. Ponse ao suxeito ante unhas condicións hipotéticas nas cales se proba o seu comportamento ante situacións concretas, os seus coñecementos, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias. Baséase, por tanto, na configuración de situacións similares ás que se producen nun contexto real, coa finalidade de utilizalas como experiencias de aprendizaxe ou como procedemento para a avaliación.</p>
-------------------	--

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Simulación</p> <p>Aprendizaxe servizo</p> <p>Prácticas clínicas</p>	<p>- Prácticas clínicas:</p> <p>atención personalizada dirixida a crear un espacio confiable no que o alumno poida expresar as súas dificultades ou preocupacións ao longo das prácticas clínicas e recibir orientación que lle permita acadar as competencias propostas co maior grao de satisfacción e desempeño.</p> <p>Realizarase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> <p>-Simulación:</p> <p>Atención personalizada que permita ao alumnado consultar dúbidas específicas e particulares que puidesen xurdir previas ao desenvolvemento del escenario e durante el proceso de simulación. Realizarase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p> <p>-Aprendizaxe servizo:</p> <p>Atención personalizada que permita ao alumnado consultar dúbidas específicas e particulares que puidesen xurdir na implementación do proxecto. Realizarase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través das ferramentas informáticas institucionais, sendo o Campus Virtual da UDC a canle principal de comunicación.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Simulación	A62 B1 B6 B7 B9 B10 B12 B13 B14 B15 B16 B20 C1 C4 C10 C11 C12	<p>O alumnado será evaluado polo profesorado da materia na realización do escenario establecido para a proba de simulación.</p> <p>O alumnado levará a cabo una simulación elexida polo profesorado de entre varias alternativas, que conocerá previamente.</p> <p>Avaliaranse os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Capacidade de expresión e comunicación co paciente, compañeiros e resto do persoal que aparezcan no escenario.- Valorarase especialmente a capacidade de expresión e comunicación co paciente en todo o proceso da simulación.- Coñecemento profesional na toma de decisións que requiran o escenario.- Habilidades prácticas de coidados, técnicas e intervencións de enfermería.- A capacidade de resposta do alumnado, de iniciativa, de organización e planificación que requira o escenario.	20
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13 B14 B15 B16 B19 B22 B24 C1 C3 C7 C10 C12	Cumpridos os criterios de asistencia presencial, o alumnado será avaliado polo profesorado da asignatura a fin de determinar o grao en que acadou as competencias previstas, o que fará despois de recabar información do enfermeiro, enfermeira que titoriza ao alumnado.	80

Observacións avaliación



AVALIACIÓN DE ESTANCIAS IV:

O primeiro requisito para poder ser avaliado pola realización das estancias IV é, ademais de estar matriculado na materia o alumnado deberá ter superadas as Estancias Clínicas I e II, tal como consta na memoria do Título de Grao.

AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS CLÍNICAS: - Asistencia: As competencias que se pretenden alcanzar coa realización das prácticas clínicas só se poden adquirir en presenza e baixo supervisión dun enfermeiro, enfermeira comunitaria, por esta razón a avaliación queda supeditada á asistencia presencial a todas as horas prácticas planificadas, sen contemplarse o concepto de faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente xustificadas deberán recuperarse, sempre que non excedan o 50% das planificadas. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesorado antes do peche de actas. As ausencias non xustificadas suporán a cualificación de suspenso. - Competencias de aprendizaxe: A avaliación e a emisión dunha cualificación numérica pola realización das prácticas clínicas está directamente vinculada á capacidade de alumno para alcanzar as competencias sinaladas como resultados de aprendizaxe esperados nesta guía. A cualificación será emitida polo profesorado da materia -despois de solicitar información do enfermeiro, enfermeira tutor/a- mediante unha folla de valoración onde se sinalan os criterios cos que se alcanzan cada unha desas competencias ou resultados de aprendizaxe. O alumnado para superar as prácticas clínicas deberá ter realizado o 100% das prácticas, faltas de asistencia recuperadas e xustificadas e avaliación positiva dos profesionais con unha nota igual o superior a 5 (sobre 10). A práctica clínica corresponde o 80% da nota da materia. **AVALIACIÓN DA SIMULACIÓN:** É unha actividade obrigatoria para todo o alumnado matriculado na materia. A puntuación máxima que será posible alcanzar coa realización da simulación é de 2 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 1 punto para superar esta parte da materia. Non poderá realizar a proba de simulación o alumnado que non supere as prácticas clínicas. A simulación corresponde o 20% da nota da materia. **CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES NA AVALIACIÓN DE ESTANCIAS IV:-** O feito de presentarse no centro de saúde para a realización das prácticas clínicas -ben polo tempo completo planificado ou só parte do mesmo- implicará ser avaliado en calquera das probas, o que supón figurar en acta como presentado coa cualificación correspondente.

- Para superar a materia o alumnado necesita alcanzar as notas mínimas sinaladas para cada parte da materia.

- O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Sistema de cualificacións: 0-4.9 Suspenso. 5-6.9 Aprobado. 7-8.9 Notable. 9-10 Sobresáinche. 9-10 Matrícula de Honra (graciable).

AVALIACIÓN EN SEGUNDA OPORTUNIDADE:

No caso de ter SUSPENSAS as prácticas clínicas NON SON RECUPERABLES, está suxeito ao punto 5 do artigo 18 das NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DÁS CUALIFICACIÓNS DÚAS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO. Modificada polo Consello de Goberno de 29 de xuño de 2017 que sinala:

"Nas materias que pola súa natureza avalíense exclusivamente mediante actividades non recuperables, como pode ser o caso das prácticas en empresas, o prácticum ou as prácticas clínicas, os estudantes só poderán empregar a segunda oportunidade para recuperar outras actividades como a memoria ou os informes finais». Neste caso poderase recuperar a parte de Simulación.

- Aqueles que non superasen a parte de simulación, a realización da simulación en segunda oportunidade realizarase na data e hora establecida de exames no calendario académico aprobado en Xunta de Centro.

- A vixencia do aprobado das Estancias Clínicas manterase por un período de dous cursos lectivos consecutivos á realización das estancias aprobadas, no caso de ser suspenso a parte de Simulación.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías